



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Persoal

Anuncio ampliación da Oferta de Emprego Público do ano 2022

ANUNCIO

En sesión celebrada o día 14 de novembro de 2022, a Xunta de Goberno Local adoptou, o seguinte acordo:

Primeiro.- Declarar a caducidade parcial das Ofertas de emprego público do ano 2017 e do ano 2018 e dos procesos selectivos dimanantes dela non convocados, concretada nas seguintes prazas:

- 5 prazas de bibliotecario/a medio/a (subgrupo A2) da escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, incluídas na OEP do ano 2017 (BOP núm. 195 do 13/10/2017).
- 4 prazas de bibliotecario/a medio/a (subgrupo A2) da escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, incluídas na OEP do ano 2018 (modificación publicada no BOP núm. 232 do 05/12/2018).

Segundo.- Ampliar a Oferta de emprego público do ano 2022, aprobada en sesión do 11/05/2022 da Xunta de Goberno Local (BOP núm. 95 do 20/05/2022), engadindo ás prazas indicadas no punto anterior, 9 prazas de bibliotecario/a medio/a (subgrupo A2) da escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, pola quenda de promoción interna.

De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, contados a partir do día seguinte ao da publicación do acordo impugnado ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa.

A Coruña, 15 de novembro de 2022.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PD. (03/07/2019)

O Director de Economía, Facenda e Réxime Interior

Manuel Ángel Jove Losada

2022/7153